

PROGRAMACIÓN DOCENTE
PANORÁMICA DO CINE ESPAÑOL DOS ANOS 50
curso 2018-2019

ESQUEMA XERAL

- i. Datos descritivos da materia
- ii. Contexto da materia
- iii. Obxectivos xerais
- iv. Adquisición de destrezas e habilidades
- v. Volume de traballo
- vi. Distribución de contidos: teóricos e prácticos
- vii. Metodoloxía docente
- viii. Avaliación da aprendizaxe
- ix. Observacións

I.- DATOS DESCRIPTIVOS DA MATERIA.

Nome da materia	Panorámica do cine español dos anos 50
Código	IV30110
Curso aconsellado	3º
Créditos Totais	3
Horas totais de traballo da/o estudante	75
Cuadrimestre (especificar 1º/2º)	1º
Ámbito (H / T / XS / C / CS)	Humanístico

Ámbito: H= humanidades, T= tecnolóxico, XS= xurídico social, C= científico e CS= ciencias da saúde

I.1. Profesor:

Profesor	Créditos (A, P ou V)	Horario titorías	Lugar de Impartición	Lingua
Alfonso Castaño Hernández	2,8 A	16-19h. (martes) correo electrónico: alfonsocastanho@gmail.com	Escola de Enxeñaría Industrial (sede Torrecedeira)	Castelán Galego

A = aula P = laboratorio V = viaxe de estudos

I. 2. Coñecementos previos aconsellados para cursar a materia, se procede:

O alumno debería cursar primeiro a materia Introducción e elaboración de Guións Cinematográficos.

II.- ENCADRAMENTO DA MATERIA NO CICLO INTENSIVO

Materia encadrada no Ciclo Intensivo do PUM de Vigo, aconsellase cursala no 3º curso, co fin de dotar aos alumnos duns coñecementos críticos sobre a historia do cine español e a súa interpretación.

III.- OBXECTIVOS XERAIS

Os alumnos faranse unha composición ordenada acerca da periodización do cine español e, concretamente, dos autores e tendencias da década dos cincuenta.

IV.- ADQUISICIÓN DE DESTREZAS E HABILIDADES

Espérase dos alumnos que:

- Visionar filmes españois da década dos cincuenta dende unha perspectiva crítica.
- Lean bibliografía relacionada co cine español.
- Escriban un texto crítico sobre un filme español dos anos cincuenta.

V.- VOLUME DE TRABALLO

Técnica	Horas presenciais aula	Horas presenciais fora da aula	Factor de traballo do alumno	Horas de traballo persoal do alumno	Horas totais do alumno	Créditos
Clase maxistral	28	0	1	28	56	2,2
Probas de avaliación	2	0	8,6	17	19	0,8
Total	30	0		45	75	3

VI.- DISTRIBUCIÓN DE CONTIDOS

Programa teórico

Tema	Contidos	Duración
1	Introdución á linguaxe do cine	6 h.
2	Historia do cine español ata os anos cincuenta	6 h.
3	O neorrealismo italiano e a súa influencia na cinematografía española	6 h.
4	Correntes e tendencias do cine español nos anos cincuenta: continuísmo e disidencia	8 h
5	O Novo Cine Español.	2 h

Bibliografía básica

1. V.V.A.A. Historia do cine español. Cátedra. Signo e Imagen.
2. GIMFERRER, PERE. Cine y literatura. Seix Barral.
3. MARTÍN GAITE, CARMEN. Usos amorosos de la postguerra española. Anagrama.

Bibliografía complementaria

Entregaranse puntualmente artigos en clase.

VII.- METODOLOXÍA DOCENTE

Clases teóricas co apoio do proxector para visionar secuencias de filmes. Pedirase a participación crítica do alumnado.

VIII.- AVALIACIÓN DA APRENDIZAXE

O 50% da nota consistirá na asistencia a clase nun 80% do tempo. O outro 50% consistirá nunha proba escrita breve na que o alumno analice un filme español dos anos cincuenta, previamente visualizado por el.